

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

IES XULIÁN MAGARIÑOS

CURSO 2022-23

ÍNDICE DE CONTIDOS

ÍNDICE DE CONTIDOS.....	1
CAPÍTULO I. ASPECTOS XERAIS.....	3
DOCUMENTO 1. PLAN XERAL ANUAL.....	3
1.1. Obxectivos específicos, liñas de acción e temporalización.....	3
1.2. Accións a realizar.....	8
DOCUMENTO 2. HORARIO XERAL DO CENTRO.....	16
CAPÍTULO II. ASPECTOS CURRICULARES.....	17
DOCUMENTO 3. PLANS.....	17
3.1. Plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega.....	17
3.2. Plan Biblioteca – Plan Lector.....	17
3.3. Plan de Convivencia.....	18
3.4. Plan de Orientación.....	18
3.5. Plan de Acción tutorial.....	21
3.6. Plan xeral de Atención á diversidade.....	30
3.7. Plan Proxecta.....	30
DOCUMENTO 4. PROXECTOS.....	30
4.1. Plan Dixital.....	30
DOCUMENTO 5. PROGRAMAS.....	31
5.1. Contratos – programa.....	31
5.2. Auxiliar de conversa.....	31
5.3. Sección bilingüe (xeografía e historia).....	31
5.4. E-Dixgal.....	31
5.5. Programa de distribución de froitas e leite.....	32
5.6. PROA+.....	32
5.7. Programa de acreditación de linguas estranxeiras.....	32
5.8. Polo creativo.....	32
5.9. Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC.....	32
DOCUMENTO 6. PROTOCOLOS.....	33
6.1. Protocolo por Fenda Dixital.....	33
6.2. Protocolo Educa Dixital.....	33

6.3. Protocolo Educa Dixital.....	33
DOCUMENTO 7. PROXECTOS E MEDIDAS DESENVOLVIDAS NO CENTRO NON XESTIONADOS POR PROGRAMAS EDUCATIVOS.....	34
7.1. Programa de titorías compartidas.....	34
7.2. Equipo de mediación.....	34
7.3. Equipo de igualdade (EQUA).....	34
7.4. Encontros de convivencia positiva.....	34
7.5. Club de impresión 3D.....	35
7.6. Recreos lúdicos.....	35
7.7. Encontros emocionais.....	35
7.8. Congreso de igualdade.....	35
7.9. Club de debate.....	35
DOCUMENTO 8. ACTIVIDADES.....	36
8.1. Programa de actividades complementarias.....	36
CAPÍTULO III. ASPECTOS ORGANIZATIVOS.....	36
DOCUMENTO 7. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	36
DOCUMENTO 8. NOFC.....	36
DOCUMENTO 9. AULA DE CONVIVENCIA.....	36
DOCUMENTO 10. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	39
DOCUMENTO 11. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	39

CAPÍTULO I. ASPECTOS XERAIS

DOCUMENTO 1. PLAN XERAL ANUAL

1.1. Obxectivos específicos, liñas de acción e temporalización

DESENVOLVEMENTO DA PXA CURSO 2022-2023									
ACCIÓN	1º TRIMESTRE			2º TRIMESTRE			3º TRIMESTRE		
1. Continuar desenvolvendo programas educativos como o contrato-programa que permitan a realización de desdobres, reforzos etc, para facilitar á atención á diversidade en tódolos cursos de ESO									
2. Apoiar ao profesorado na elaboración de plans e programas de excelencia educativa en distintos ámbitos (tecnoloxías, linguas etc) que permitan mellorar as competencias académicas do noso alumnado									
3. Manter o programa de Seccións Bilingües nos cursos de 3º e 4º de ESO									

na materia de Xeografía e Historia										
4. Facilitar o traballo do asistente de conversa no noso centro										
5. Incrementar as liñas de formación actualmente existentes no centro cunha liña específica de formación en educación telemática										
6. Manter ao vicedirector do centro como persoa responsable da páxina web, das redes sociais e da aula virtual como medio fundamental de comunicación e información para as familias										
7. Informar a todas as familias e a todo o profesorado sobre a necesidade de utilizar a aplicación Abalar Móbil para facilitar a comunicación de toda a comunidade educativa										
8. Actualizar o PEC para adecualo ás necesidades reais do centro										

9. Levar a cabo un Plan de Mellora dacordo coas instrucións da Administración										
10. Implantar o Plan Dixital de centro aprobado no curso anterior										
11. Relanzar o servizo de Mediación e as actividades de tutoría entre iguais como fórmula para a participación do alumnado na resolución pacífica de conflitos										
12. Apoiar ao equipo de igualdade do centro, EQUA, para que realice diversas actividades de dinamización en pro da non discriminación										
13. Manter o programa de acollida do novo alumnado fomentando a comunicación e o intercambio de información co profesorado do CEIP O Coto										
14. Fomentar accións de formación para toda a comunidade educativa (profesorado, familias e alumnado)										

en temas sensibles para a convivencia										
15. Manter o protocolo de acollida ao novo profesorado (tanto o que ven para todo o curso como interinos e substitutos) por medio do dossier de información básica										
16. Continuar a colaboración coa ANPA na organización daquelas actividades que permita a situación sanitaria e diversas intervencións nas titorías										
17. Informar á ANPA a principio de curso da situación do centro e dos cambios en relación con cursos anteriores										
18. Manter reunións informativas co/a orientador/a do CEIP O Coto e cos titores do último curso de primaria										
19. Manter a colaboración co Concello de Negreira para o uso do edificio do IES na realización de actividades extraescolares, mantendo as										

medidas sanitarias necesarias.										
20. Manter reunións cos servizos sociais do Concello: asistente social, educadores familiares, traballadora social,...para solucionar aquelas situacións que así o requiran.										
21. Conseguir un aumento da eficiencia enerxética do centro, adaptando a potencia contratada ás necesidades reais e implicando a toda a comunidade educativa, nas medidas de aforro enerxético										
22. Levar a cabo a reforma da antiga casa do conserxe para crear un espazo para traballo por proxectos										

1.2. Accións a realizar

Comezaran as accións a realizar en relación coas liñas prioritarias trazadas no proxecto de dirección para catro anos (do cal iniciamos agora o primeiro), tendo en conta as propostas dos diferentes sectores da comunidade educativa.

Acción 1	Continuar desenvolvendo programas educativos como o contrato-programa que permitan a realización de desdobres, reforzos etc, para facilitar á atención á diversidade en tódolos cursos de ESO
Obxectivos relacionados	Potenciar a calidade da ensinanza e a mellora do rendemento académico do alumnado, reducindo o fracaso escolar e favorecendo a igualdade de oportunidades no acceso á educación
Xustificación	A experiencia dos últimos anos indica que unha diminución de ratio nos cursos con elevado nivel de necesidades académicas mellora os resultados e a convivencia na aula
Temporalización	Primeiro trimestre
Persoas responsables	Director, Xefe de Estudos, Departamento de Orientación, departamentos didácticos implicados
Recursos previstos	Profesorado dos departamentos implicados. Orzamentos do Contrato-programa
Observacións	

Acción 2	Apoiar ao profesorado na elaboración de plans e programas de excelencia educativa en distintos ámbitos (tecnoloxías, linguas etc) que permitan mellorar as competencias académicas do noso alumnado
Obxectivos relacionados	Potenciar a calidade da ensinanza e a mellora do rendemento académico do alumnado, reducindo o fracaso escolar e favorecendo a igualdade de oportunidades no acceso á educación
Xustificación	A atención á diversidade debe prestar tamén atención á excelencia educativa, tentando que o alumnado poda desenvolver ao máximo as súas capacidades
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Equipo directivo, departamentos didácticos implicados.
Recursos previstos	Profesorado dos departamentos implicados. Orzamentos do Contrato-programa
Observacións	

Acción 3	Manter o programa de Seccións Bilingües nos cursos de 3º e 4º de ESO na materia de Xeografía e Historia
Obxectivos relacionados	Mellorar a competencia nas linguas estranxeiras, continuando coa oferta de lingua inglesa, francesa e portuguesa

Xustificación	Trátase dun programa de gran éxito entre o alumnado, presente no centro desde o curso 2012/13
Temporalización	Mes de setembro
Persoas responsables	Coordinadora da sección bilingüe. Profesora CLIL
Recursos previstos	Orzamentos concedidos pola Consellería de Educación.
Observacións	

Acción 4	Facilitar o traballo do asistente de conversa no noso centro, no caso de incorporarse
Obxectivos relacionados	Mellorar a competencia nas linguas estranxeiras
Xustificación	Recepción a partir de xaneiro dunha asistente de conversa Fullbright
Temporalización	Segundo e terceiro trimestre
Persoas responsables	Coordinadoras da sección bilingüe. Profesora CLIL
Recursos previstos	Auxiliar lingüístico dotado pola Consellería
Observacións	

Acción 5	Incrementar as liñas de formación actualmente existentes no centro cunha liña específica de formación en educación telemática
Obxectivos relacionados	Capacitar ao profesorado na utilización de ferramentas telemáticas, especialmente a Aula Virtual
Xustificación	Necesidade de impartir docencia telemática en caso de confinamento
Temporalización	Primeiro trimestre
Persoas responsables	Equipo Directivo CAFI
Recursos previstos	Talleres do centro. Aulas de informática
Observacións	

Acción 6	Manter ao vicedirector do centro como persoa responsable da páxina web, das redes sociais e da aula virtual para que as manteña actualizadas e sexan un medio de dar a coñecer as actividades do centro e de información para as familias
Obxectivos relacionados	Impulsar e apoiar o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso educativo, tendo como referencia o traballo colaborativo e o software libre

	Favorecer a participación e implicación das familias na dinámica do centro, e como consecuencia na educación dos seus fillos e fillas, mellorando o seu grao de satisfacción
Xustificación	Búscase facilitarles ás familias o coñecemento do funcionamento do centro e a súa normativa, mediante o uso da páxina web e a información aportada polos titores.
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Equipo directivo. Profesor responsable da páxina web e das redes sociais (vicedirector)
Recursos previstos	Páxina web do centro, Facebook do centro
Observacións	

Acción 7	Informar a todas as familias e a todo o profesorado sobre a necesidade de utilizar a aplicación Abalar Móbil para facilitar a comunicación de toda a comunidade educativa
Obxectivos relacionados	Favorecer a participación e implicación das familias na dinámica do centro, e como consecuencia na educación dos seus fillos e fillas, mellorando o seu grao de satisfacción
Xustificación	A comunicación áxil entre centro e familias faise imprescindible no contexto epidémico actual
Temporalización	Primeiro trimestre
Persoas responsables	Equipo directivo
Recursos previstos	Espazo abalar
Observacións	

Acción 8	Actualizar o PEC para adecualo ás necesidades reais do centro incluído o plan de atención á diversidade
Obxectivos relacionados	Manter e mellorar a convivencia no centro e lograr un ambiente agradable onde prime o diálogo, a tolerancia, o respecto e o consenso Conseguir unha integración efectiva de todo o alumnado, dado a coñecer a toda a comunidade educativa e aplicando nos casos que sexan necesarios os protocolos establecidos pola Consellería
Xustificación	Adaptar o PEC a lexislación vixente
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Equipo directivo
Recursos previstos	Legislación vixente
Observacións	

Acción 9	Levar a cabo un Plan de Mellora dacordo coas instrucións da Administración
Obxectivos relacionados	Elaborar un Plan de Mellora que incluíra avaliación do alumnado e do centro, mellora de resultados educativos e mellora de coordinación e relación coas familias
Xustificación	É unha obriga legal
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Equipo directivo e o grupo de traballo que vaise crear para a súa elaboración
Recursos previstos	Instrucións da Administración
Observacións	

Acción 10	Implantar o Plan Dixital de centro aprobado no curso anterior
Obxectivos relacionados	Empregar a aula virtual para proporcionar retroalimentación nas prácticas de avaliación do alumnado Crear guías informando da tecnoloxía existente no centro para alumnado e profesorado, con exemplos de uso Utilizar as tecnoloxías emerxentes de forma ética para explorar experiencias e contidos de aprendizaxe novos Dotar as aulas EDIXGAL de todo o material necesario Mellorar a dotación do centro e a súa oferta formativa para toda a comunidade educativa a través da creación dun Polo Creativo
Xustificación	Hai que desenvolver o plan aprobado ao final do curso anterior
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Equipo Directivo e o grupo de traballo creado para tal fin
Recursos previstos	O Plan Dixital aprobado no curso anterior e os recursos dixitais do centro
Observacións	

Acción 11	Relanzar o servizo de Mediación e as actividades de titoría entre iguais como fórmula para a participación do alumnado na resolución pacífica de conflitos
Xustificación	Trátase dunhas actividades que levan demostrado durante varios cursos a súa eficacia para reducir a conflictividade no centro
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Departamento de Orientación Coordinador/a de Mediación Titores dos cursos
Recursos previstos	Espazos do centro Orzamentos obtidos a partir do contrato programa

Observacións	
---------------------	--

Acción 12	Apoiar ao equipo de igualdade do centro, EQUA, para que realice diversas actividades de dinamización en prol da non discriminación
Obxectivos relacionados	Manter e mellorar a convivencia no centro e lograr un ambiente agradable onde prime o diálogo, a tolerancia, o respecto e o consenso Eliminar as desigualdades entre alumnas e alumnos sustentadas en crenzas, prexuízos ou tradicións; así como non admitir ningunha forma de machismo e misoxinia que puidera existir no seo da comunidade escolar
Xustificación	Necesidade de continuar fomentando a cultura da igualdade iniciada en cursos anteriores
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Departamento de Orientación
Recursos previstos	Espazos do centro Orzamentos obtidos a partir do contrato programa
Observacións	

Acción 13	Manter o programa de acollida do novo alumnado fomentando a comunicación e o intercambio de información co profesorado do CEIP O Coto
Obxectivos relacionados	Potenciar as relacións co centro adscrito (CEIP O Coto) e co CPI San Vicente da Baña para facilitar a integración do alumnado que se incorpora ao IES por primeira vez
Xustificación	Integración de alumnado que se incorporará por primeira vez ao centro.
Temporalización	Mes de setembro e, de ser posible, xuño.
Persoas responsables	Director e departamento de orientación.
Recursos previstos	Salón de Actos; xefa do departamento de orientación.
Observacións	

Acción 14	Fomentar accións de formación para toda a comunidade educativa (profesorado, familias e alumnado) en temas sensibles para a convivencia
Obxectivos relacionados	Mellorar a convivencia no centro e lograr un ambiente agradable onde prime o diálogo, a tolerancia, o respecto e o consenso.
Xustificación	A realización en cursos anteriores de actividades deste tipo para toda a comunidade tiveron unha boa acollida, habendo unha demanda das familias neste sentido.
Temporalización	2º e 3º trimestres.

Persoas responsables	ANPA, equipo directivo, departamento de orientación.
Recursos previstos	Instalacións do centro, primando a aula de cada grupo; recursos económicos da ANPA
Observacións	

Acción 15	Favorecer a integración do novo profesorado (tanto o que ven para todo o curso como interinos e substitutos) mellorando o protocolo de acollida por medio dun dossier de información básica
Obxectivos relacionados	Manter e mellorar a convivencia no centro e lograr un ambiente agradable onde prime o diálogo, a tolerancia, o respecto e o consenso
Xustificación	Necesidade manifestada nos cursos anteriores polo profesorado novo no centro en relación a temas cotiás que están estandarizados (incidencias informáticas, usuarios na sala de profesores, etc)
Temporalización	1º trimestre e durante todo o curso.
Persoas responsables	Equipo directivo
Recursos previstos	Protocolo de acollida
Observacións	

Acción 16	Continuar a colaboración coa ANPA na organización daquelas actividades que permita a situación sanitaria e diversas intervencións nas titorías
Obxectivos relacionados	Procurar traballar dun xeito coordinado mantendo un diálogo constante coa ANPA
Xustificación	A implementación de actividades para o alumnado fóra do horario lectivo repercute na convivencia, na formación do alumnado, na calidade do centro e pode facelo na captación de alumnado atraído polos servizos existentes. Porén, no curso actual estas deberán minimizarse e ofertar sempre as máximas garantías sanitarias
Temporalización	1º, 2º e 3º trimestre.
Persoas responsables	ANPA, equipo directivo, departamento de orientación.
Recursos previstos	Instalacións do centro; recursos económicos da ANPA ou achegados polas familias participantes nas actividades.
Observacións	Continúase coa iniciativa dende fai varios cursos

Acción 17	Informar á ANPA a principio de curso da situación do centro e dos cambios en relación con cursos anteriores
------------------	---

Obxectivos relacionados	Procurar traballar dun xeito coordinado mantendo un diálogo constante coa ANPA
Xustificación	A relación fluída coa ANPA favorece a integración das familias na vida diaria do centro e mellora a percepción do mesmo por parte do alumnado
Temporalización	Mes de outubro
Persoas responsables	ANPA, director
Recursos previstos	Reunión da ANPA en locais do concello ou vía telemática
Observacións	A petición da ANPA, continúaase coa iniciativa dende hai varios cursos

Acción 18	Manter reunións informativas co/a orientador/a do CEIP O Coto e cos titores do último curso de primaria
Obxectivos relacionados	Potenciar as relacións co centro adscrito (CEIP O Coto) e co CPI San Vicente da Baña para facilitar a integración do alumnado que se incorpora ao IES por primeira vez
Xustificación	É necesario aportar ao profesorado de 1º ESO información relevante sobre o alumnado que se incorpora ao centro, así como crear agrupamentos axeitados en base a estas informacións previas
Temporalización	Terceiro trimestre
Persoas responsables	Orientadora do centro
Recursos previstos	Persoas responsables do departamento de orientación do IES e do colexio de primaria, titores de primaria
Observacións	

Acción 19	Manter a colaboración co Concello de Negreira para o uso do edificio do IES na realización de actividades extraescolares, mantendo as medidas sanitarias necesarias.
Obxectivos relacionados	Cooperar coa administración educativa e co Concello de Negreira na planificación e desenvolvemento da labor educativa
Xustificación	A apertura do centro á comunidade educativa fóra do horario lectivo redonda nunha percepción positiva do mesmo por parte da veciñanza e fai do IES un punto de referencia na comarca.
Temporalización	Todo o curso
Persoas responsables	Director, concello de Negreira
Recursos previstos	Instalacións do IES (aulas, pavillón e ximnasio especialmente); conserxes do centro; monitores e equipamento deportivo aportados polo Concello de Negreira
Observacións	Esta cooperación leva desenvolvéndose varios anos e ten entre outras contrapartidas o coidado das zonas verdes por parte de persoal do Concello

Acción 20	Manter reunións cos servizos sociais do Concello: asistente social, educadores familiares, traballadora social,...para solucionar aquelas situacións que así o requiran.
Obxectivos relacionados	Cooperar coa administración educativa e co Concello de Negreira na planificación e desenvolvemento da labor educativa
Xustificación	Aproveitamento de recursos externos ao centro para a atención do alumnado con necesidades específicas.
Temporalización	Todo o curso.
Persoas responsables	Dirección e xefa do departamento de orientación.
Recursos previstos	Instalacións do centro; recursos achegados por Servizos Sociais, Concello de Negreira, Cruz Vermella, etc.
Observacións	Plan posto en marcha hai uns anos, con moi bos resultados en xeral

Acción 21	Conseguir un aumento da eficiencia enerxética do centro, adaptando a potencia contratada ás necesidades reais e implicando a toda a comunidade educativa, nas medidas de aforro enerxético
Obxectivos relacionados	Mellorar as infraestruturas, recursos e instalacións do centro
Xustificación	O gasto en subministros enerxéticos e outros (fundamentalmente luz e gasoil) é moi elevado; no caso do alumeadado, pode haber vías para reducir este consumo.
Temporalización	Ao longo de todo o curso
Persoas responsables	Equipo Directivo
Recursos previstos	Recursos económicos aportados pola Consellería ou a Xefatura Territorial. Ideas da comunidade educativa
Observacións	

Acción 22	Levar a cabo a reforma da antiga casa do conserxe para crear un espazo para traballo por proxectos
Obxectivos relacionados	Creación dun espazo diáfano e saneado no que poder levar a cabo proxectos creativos para toda a comunidade educativa
Xustificación	Necesidade de saneamento, reforma e rehabilitación da antiga casa do conserxe que quedou desafectada como tal
Temporalización	1º trimestre
Persoas responsables	Equipo directivo e a empresa constructora
Recursos previstos	Remanente do centro
Observacións	

DOCUMENTO 2. HORARIO XERAL DO CENTRO

O Centro permanece aberto de luns a venres, dende as 08:30 ata as 22:00. Ao remate das actividades lectivas haberá clases da EOI, Sección Negreira, e tamén actividades extraescolares concertadas co concello e coa ANPA.

Abriranse as portas para o alumnado do centro 10 minutos antes na primeira hora da mañá e da tarde e pecharase o centro 10 minutos despois da última hora.

As oficinas do Centro terán como horario de atención ó público de 10:00 ás 13:00.

Horario de verán

Durante o mes de xullo o Centro permanece aberto de luns a venres dende as 09:00 ata as 14:00 pola mañá.

Horario do alumnado:

Cada período lectivo terá unha duración mínima de 50 minutos.

Non se poderá asignar a unha área ou materia máis dun período lectivo diario, agás aquelas nas que se requira unha carga importante de actividades manipulativas (tecnoloxía, plástica, materias de iniciación profesional, módulos da FP específica, etc.)

Non deberá haber horas libres intermedias no horario lectivo de cada grupo.

A distribución das materias en cada xornada e ao longo da semana realizarase atendendo a razóns pedagóxicas.

Horario do profesorado:

Deberá incluír os períodos lectivos e as horas complementarias fixas (titoría pais e nais e as gardas).

Como norma xeral un profesor non poderá impartir máis dunha disciplina afín.

A permanencia no instituto non poderá ser inferior a 3 horas diarias.

Os períodos lectivos diarios serán dun mínimo de 2 e un máximo de 5, agás na FP específica, que pode chegar a 6.

Horario lectivo do Centro:

Cada período lectivo terá unha duración de 50 minutos e distribuirase de luns a venres en 6 períodos lectivos pola mañá (dende as 08:40 ás 14:30), e outros 3 os martes e mércores pola tarde (dende as 16:20 ata as 18:50). Pola mañá programaranse tres descansos de cincuenta minutos cada un en tres franxas diferentes.

CAPÍTULO II. ASPECTOS CURRICULARES

DOCUMENTO 3. PLANS

3.1. Plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega

Pendente de elaborar á espera das axudas concedidas pola Xunta de Galicia.

3.2. Plan Biblioteca – Plan Lector

A Biblioteca conta cunha profesora responsable, cunha descarga lectiva semanal de tres horas. Xunto con ela traballa un equipo de profesores/as que dedican algunha das súas horas de garda a manter aberta a biblioteca e facer labores de catalogación e préstamo.

O centro participa no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE). O centro comprométese a destinar un 5% do seu orzamento á adquisición de materiais destinados á mellora da biblioteca escolar.

3.3. Plan de Convivencia

O plan de convivencia do centro pódese consultar na páxina web do centro, na seguinte ligazón:

3.4. Plan de Orientación

3.4.1. Obxectivos

- Coordinar a orientación académica e profesional do alumnado ao longo da súa permanencia no centro, especialmente ó finalizar os estudos e ante a elección das distintas optativas e modalidades.
- Proporcionar ó alumnado as estratexias, información e recursos necesarios que lle proporcionen un coñecemento máis obxectivo de si mesmos.
- Facilitar o coñecemento dos diferentes estudos e profesións tanto na contorna como no resto de Galicia ou noutras comunidades autónomas.
- Axudar ó alumnado a ter estratexias para afrontar o proceso de toma de decisións.
- Introducir a perspectiva de xénero de xeito activo e transversal en tódalas actuacións relacionadas coa orientación académica e profesional, propiciando unha toma de decisións non ligada ao xénero e desterrando estereotipos sexistas en canto á selección de estudos e campos profesionais.

3.4.2. Actuacións

As **actividades** previstas para este curso son:

- Participación nos programas informativos virtuais que leven a cabo a USC, a UDC e a UVIGO e no programa “A Ponte” da USC de levarse a cabo.
- Charlas sobre a estrutura dos ciclos informativos en colaboración co profesorado de ciclos.
- Charla de antigo alumnado do centro que estea a cursar ciclos formativos ou estudos universitarias.
- Colaborar orientadora laboral do Concello de Negreira para que o alumnado coñeza a súa oficina e as súas funcións.

Estas actividades levaranse a cabo:

- A través do profesorado titor e sempre que sexa posible na hora destinada a titoría.
- Pola orientadora cando se trate de actividades concretas, ben en grupo -charlas informativas- ou individualmente.
- Nos ciclos, a través do profesorado de Formación e Orientación Laboral.

Na ESO:

En segundo curso desenvolveremos no terceiro trimestre unha ou dúas sesións informativas para o alumnado respecto ás eleccións que teñen que facer xa en terceiro - matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas ou académicas- e tamén sobre a Formación Profesional básica. Desenvolveranse na hora de titoría.

Do mesmo xeito no terceiro curso desenvolveranse dúas ou tres sesións -en función das necesidades detectadas polo profesorado titor- sobre as opcións en cuarto da ESO, a FP Básica, e as saídas ao remate da ESO.

É no cuarto curso da etapa onde a orientación do alumnado ten que ser máis exhaustiva polas decisións que teñen que tomar ao remate da etapa. En coordinación co profesorado titor desenvolveremos entre primeiro e o segundo trimestre un programa de toma de decisións, e ao longo de todo o curso cantas sesións informativas (Modalidades de Bacharelato, CFGM, Ensinanzas de réxime especial...) e traballo en autocoñecemento sexan necesarias para o noso alumnado.

Na FP Básica:

Dentro das sesións de titoría que desenvolva a orientadora co alumnado iremos traballando ao longo de todo o curso as posibles saídas unha vez rematado o ciclo básico: Ciclos de grao medio dispoñibles na nosa contorna, habilidades necesarias, graduado en ESO, etc.

No Ciclo formativo de Grao Medio e no Ciclo formativo de Grao Superior

Dentro dunha orientación académica e profesional que posibilite ao alumnado unha toma de decisións realista e eficaz, cómpre realizar tamén determinadas actuacións que lles axuden na súa transición á vida activa. O Departamento de Orientación coordinarase cos titores dos grupos e coa profesora de FOL para colaborar con eles en todos estes aspectos no caso de que o demanden.

En 1º de Bacharelato:

Realizaranse charlas grupais sobre as distintas modalidades ou opcións do seguinte curso, que axudarán ó alumnado a elixir o itinerario máis adecuado de acordo coas súas capacidades, motivacións e intereses. Tamén se atenderá de xeito máis puntual ó alumnado máis indeciso e se iniciará a información sobre Ciclos Formativos de Grao Superior, carreiras universitarias e ensinanzas de réxime especial: artísticas, deportivas...

En 2º Bacharelato:

As actuacións a realizar teñen como obxectivo a toma de conciencia da importancia das decisións que deben tomar, tanto a curto como a longo prazo. Pretendemos que reflexionen sobre o grao no que lles poden estar influíndo os intereses familiares, as expectativas e os prexuízos, poñendo especial énfase naqueles relacionados coa atribución de determinadas profesións a un xénero. Entre as actividades a realizar destacamos as seguintes:

- Sensibilización sobre a importancia que ten tomar unha decisión dunha maneira reflexiva e realista.
- Cuestionario sobre intereses profesionais.
- Información sobre os Ciclos Formativos de Grao Superior.
- Distintas vías de acceso á Universidade.
- Información sobre as distintas carreiras de acordo coa modalidade cursada.

- Información sobre o mundo laboral e diversos procedementos do mesmo.
- Estratexias para atopar emprego.
- Acceso á Universidade: probas, impresos, residencias, becas...

Para todo o centro celebraremos, como se vén facendo desde hai varios cursos, a *Semana da Orientación*, na que os distintos departamentos informarán ao alumnado, a modo de feira no patio, sobre as materias optativas que imparten, as súas características, titulacións ás que van encamiñadas, etc. Dentro desa semana enmárcanse tamén as sesións informativas por parte da orientadora nos grupos, as visitas de alumnado de ciclos ou universitario así como posibles visitas de empresas da contorna.

3.5. Plan de Acción titorial

Partimos da idea de que todo profesorado é por definición titor/a con independencia que de xeito formal sexa designado titor/a dun grupo de alumnos/as, que a titoría e a orientación do alumnado son elementos da función docente (LOE, Decreto 324/1996). Todo o profesorado está influíndo constantemente sobre o alumnado na forma de construír o seu autoconceito, elaborar expectativas e trazar o seu proxecto de vida.

3.5.1. Obxectivos

1. Con respecto ó alumnado:

- Facilitar a integración do alumnado no seu grupo de clase e no conxunto da dinámica escolar.
- Coñecer os intereses, aspiracións e actitudes do alumnado.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades, artellar as respostas educativas axeitadas e planificar no seu caso os oportunos asesoramentos e apoios.
- Favorecer os procesos de maduración vocacional.
- Fomentar no grupo de alumnas e alumnos o desenvolvemento de actitudes participativas no centro e no seu entorno.

→ Proporcionar no alumnado estratexias de resolución pacífica dos conflitos que van xurdindo, tanto dentro como fóra da aula, como consecuencia da relación co resto dos membros da comunidade educativa.

→ No caso de ensino non presencial tratarase de continuar coa planificación da acción titorial desenvolvendo de xeito telemático aquelas actividades de titoría que o permitan (sempre tratando de evitar a sobrecarga do alumnado). A orientadora, xunto coas titoras e titores de cada nivel, decidirá cales das actividades planificadas son esenciais e cales prescindibles, así como cales son máis facilmente adaptables á metodoloxía online. Se a situación sanitaria obrigara á semipresencialidade do ensino, cada subgrupo realizaría a sesión de titoría na semana que lle toque a hora establecida para tal fin.

I. Con respecto ó profesorado:

→ Asesorar ó equipo directivo ante a necesidade de que existan programas adaptados e diversificados.

→ Proporcionar técnicas ao profesorado titor para realizar dinámicas de grupos.

→ Asesorar sobre as posibilidades de apoio ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o proceso de levar a cabo adaptacións curriculares.

→ Coordinar a formulación do Consello Orientador do alumnado.

→ Proporcionar e promover o uso de técnicas e estratexias para a resolución pacífica dos conflitos.

→ Coordinar o proceso avaliador que leva a cabo o profesorado do grupo, así como en xeral a información acerca do alumnado.

→ No caso de semipresencialidade ou ensinanza online, asesorar ao profesorado titor sobre a importancia do coidado do benestar emocional do alumnado dos seus grupos, e prestarlles soporte e asesoramento para levar a cabo dita tarefa.

II. Con respecto ás familias:

→ Fomentar o establecemento de relacións fluídas entre as familias e o centro.

→ Implicar ás familias nas actividades de apoio e orientación dos seus fillos e fillas.

→ Informar ás familias da marcha do proceso educativo dos seus fillos e fillas, así como solicitarlles aquela información referente ó ámbito familiar relevante para o

proceso educativo.

→ Asesorar e informar as familias sobre a estrutura do sistema educativo e a lexislación educativa.

→ Reforzar, no caso de ensinanza a distancia ou semipresencial, a labor de atención e asesoramento ás familias que o departamento de orientación xa desenvolve. Como no confinamento anterior, desviaríase o teléfono do Departamento ao móbil da orientadora, e facilitaríase a extensión directa ás familias por AbalarMóbil para que podan falar con ela de xeito inmediato cando o consideren necesario.

3.5.2. Actividades

Con respecto ó alumnado:

En 1º, 2º, 3º e 4º ESO e FP Básica teremos unha hora semanal de reunión para a coordinación do profesorado titor do mesmo nivel. Nelas, a orientadora e o profesorado titor:

Analizaremos a evolución dos grupos, estudio de casos ou problemas.

Analizaremos e avaliaremos as sesións de titoría anteriores (informe do profesorado, evolución do alumnado, adopción das estratexias de aprendizaxe...).

Presentación e preparación das sesións de titoría seguintes (tema, obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía,...). En caso de confinamento dita reunión realizaríase a través da aplicación Webex, valorando en función da sobrecarga de traballo do profesorado titor que a súa periodicidade sexa quincenal en lugar de semanal.

Entendemos que a hora semanal de titoría é un espazo no que o alumnado pode falar das cousas que son importantes para elas e eles, que lles preocupan como adolescentes. Do mesmo xeito, permite ó titor/a coñecerlos individualmente e como grupo, podendo facer un importante labor de prevención escolar, problemas de convivencia, etc. Por isto a programación de actividades será flexible para que o profesorado titor dispoña de tempo para tratar todos estes temas co seu grupo.

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA 1º ESO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Elección delegado/a da clase.	1º trimestre (setembro)
Cuestionario inicial 1º de ESO	1º trimestre (setembro)
Actividades de cohesión grupal	1º trimestre (setembro-outubro)
Elaboración de sociogramas dos grupos	1º trimestre (outubro)
Presentación do Programa de Tutoría entre iguais.	1º trimestre (outubro)
Actividades dentro do programa de tutorías compartidas (CP CONVIVE-T formación, sensibilización, actividades conxuntas con 3º ESO)	Todo o curso.
Presentación do Programa do Servizo de Mediación , en colaboración co alumnado mediador e o coordinador do Servizo.	Primeiro trimestre
Presentación do Equipo de Igualdade, EQUA , en colaboración co alumnado que forme parte do equipo (CP IGUALA-T)	Primeiro trimestre
Autoavaliación e preparación 1ª avaliación.	1º Trimestre. Decembro
PLAN PROXECTA Programa “Apuntámonos a non beber”	2º-3º trimestre

CP EMOCIONA-T: Programa de educación emocional	de 2º/3º Trimestre
Autoavaliación e preparación 2ª avaliación.	2º Trimestre (Marzo)
Avaliación das titorías e autoavaliación.	3º Trimestre (Xuño)

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA 2º ESO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Elección delegado/a da clase.	1º trimestre (setembro)
Cuestionario inicial 2º de ESO	1º trimestre (setembro)
Elección de alumnado delegado	1º trimestre (setembro)
Actividades de cohesión grupal	1º trimestre (setembro-outubro)
Elaboración de sociogramas dos grupos	1º trimestre (mes de novembro)
CP EMOCIONA-T: programa de educación emocional	Ao longo do curso
Autoavaliación e preparación 1ª avaliación.	1º trimestre. Decembro
Autoavaliación e preparación 2ª avaliación.	2º trimestre (marzo)
Plan Proxecta , programa “clases sen fume”	2º-3º trimestre
Orientación académica e profesional sobre a elección das materias de 3º ESO.	3º trimestre (maio)
Autoavaliación e avaliación titorías	3º trimestre (xuño)

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA 3º ESO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Elección delegado/a da clase.	1º trimestre (setembro)
Cuestionario inicial 3º ESO	1º trimestre (setembro)
Presentación do Programa de titorías compartidas	1º trimestre (outubro)
CP EMOCIONA-T: programa de educación emocional	Ao longo do curso
Elaboración de sociogramas dos grupos	1º trimestre (mes de outubro)
Plan Proxecta: Programa por determinar	2º-3º trimestre
Formación do alumnado titor/a no Programa de Titoría entre iguais (TEI).	Durante todo o curso de xeito transversal
CP IGUALA-T: Programa de educación en igualdade	2º e 3º trimestre.
Autoavaliación e preparación 1ª avaliación.	1º trimestre. Decembro
Autoavaliación e preparación 2ª avaliación	2º trimestre (marzo)
Orientación académica e profesional: 4º ensinanzas aplicadas/académicas, CFGM, Bacharelato...	3º trimestre (maio- xuño)
Autoavaliación e avaliación titorías	3º trimestre (xuño)

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA 4º ESO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Elección delegado/a da clase.	1º trimestre (setembro)
Cuestionario inicial 4º de ESO	1º trimestre (setembro)
Autoavaliación e preparación 1ª avaliación.	1º Trimestre. Decembro

Programa Orientación académica e profesional (probas de intereses profesional, vídeos sobre carreiras, aptitudes, actividades para coñecerse máis...).	Durante todo o curso.
Programa de educación en igualdade	2º e 3º trimestre.
Autoavaliación e preparación 2º avaliación	2º trimestre (marzo)
Autoavaliación e avaliación titorías	3º trimestre (xuño)

Cómpre salientar que debido ao inicio deste curso antes do que viña sendo habitual hai unha serie de actividades pendentes de concretar con varias entidades. Sinálanse aquí algunhas delas, e o curso ao que finalmente se asignan así como a temporalización reflectirase nas actas do departamento de orientación:

- Programa Escolas sen racismo, da Asamblea de Cooperación pola Paz.
- Programa kforce-18 da Fundación Barrié
- Programa diknon da Fundación Barrié
- Charlas sobre prevención do abuso sexual infantil da asociación Amino
- Charlas do Plan Director.

Ademais dos programas mencionados, ao longo do curso poderase decidir a participación en programas de diversas entidades que nos sexan ofertados (Cruz Vermella, Deputación, Concello, etc.) e que sexan considerados de interese polo departamento, o profesorado titor e a CCP.

Tamén levaremos a cabo varias actividades en días mundiais e outras conmemoracións, en colaboración con outros departamentos do centro. Especialmente relevantes serán o 25 de novembro, día contra a violencia de xénero, e o 8 de marzo, día da muller, pola súa relación con varios programas do Plan de Acción Titorial.

Cómpre salientar que o traballo no **desenvolvemento de habilidades sociais** é unha constante de xeito transversal a tódolos programas que desenvolvemos nos catro niveis da ESO. No programa de titorías compartidas traballaremos diversas dinámicas, dilemas morais e role-playings sobre estilos de relación e de convivencia positiva. Como se pode ver nas actividades propostas, varios dos programas están directamente relacionados e incluídos nas diferentes modalidades dos contratos programa e pretenden desenvolver no alumnado competencias socioemocionais e habilidades como a comunicación asertividade, a empatía ou a escoita activa.

Formación Profesional Básica

A orde do 3 de xullo de 2015 sinala a importancia da acción titorial na FP Básica. Neste curso contamos cun grupo de 4 persoas en 1º de FP Básica de Comercio e 10 en segundo. Trátase de alumnado moi diverso -con discapacidade, alumnado inmigrante, con problemática sociofamiliar- pero que comparten a característica común de vir dunha historia persoal próxima ao fracaso escolar.

A titoría deste alumnado é unha tarefa fundamental e pretendemos facer un seguimento moi intenso deste alumnado. A coordinación da xefa do departamento de orientación coas titoras destes grupos será constante, celebrando unha reunión de coordinación semanal e participando frecuentemente de xeito directo nas sesións de titoría, seguimento da posta en marcha da programación, da coordinación do profesorado que o imparte, etc.

En canto ás titorías afondaremos en aspectos relacionados coa propia autoestima, a adquisición de estratexias persoais para o mundo laboral e información sobre as súas posibles saídas ó rematar o curso. Incidiremos sobre todo nos seguintes aspectos:

- Dinámicas para favorecer a cohesión grupal e para traballar de maneira práctica o desenvolvemento de Habilidades Sociais.
- Utilización de axendas, planificación e hábitos de traballo
- Revisión do comportamento e diálogo sobre as dinámicas do grupo, así como resolución daqueles conflitos que poidan xurdir.
- Participación xunto con 4º de ESO no programa de educación en Igualdade.
- Estratexias de busca de emprego: anuncios en prensa, portais de emprego,

redes sociais, cartas de presentación, CV, role playings sobre entrevistas de traballo, etc.

Bacharelato

No bacharelato non contamos con hora presencial de titoría polo que o desenvolvemento das actividades do PAT queda limitado á atención individualizada daquel alumnado que o precise e das súas familias e á intervención en posibles situacións que xurdan -conflictos, etc.- ou para traballar puntualmente en aspectos concretos a demanda do profesorado titor. Intentaremos contar co alumnado de bacharelato nas actividades de conmemoración dos días mundiais. É no Plan de Orientación Académica e Profesional onde se vai centrar de forma máis directa a intervención do Departamento de Orientación nos dous cursos do Bacharelato, con sesións informativas nos grupos realizadas pola orientadora. Este curso, en función da situación sanitaria, valorarase a posibilidade de realizar algunha visita aos campus universitarios (dentro do programa A Ponte da USC e aqueles outros que nos podan ser ofrecidos por distintas institucións ao longo do curso).

Con respecto ás familias:

Reunión coas familias do alumnado de primeiro da ESO ao inicio do curso para explicarlles as normas de funcionamento do centro, en que consiste a ESO, mostrarlles o centro e dar a coñecer o Departamento de Orientación.

Colaborar co profesorado titor nas reunións grupais.

Entrevistas individualizadas coas familias que o demanden ao longo do curso, especialmente co alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo, problemas sociofamiliares ou de conduta.

Colaboración coa ANPA naquelas actividades que nos demanden: Charlas, sesións informativas, escolas de pais e nais.

Realizar cantas sesións informativas sexan demandadas por parte das propias familias ou da Dirección do centro (drogas, redes sociais, itinerarios formativos, etc.).

Con respecto ao profesorado:

Reunións semanais co profesorado titor dos distintos niveis da ESO para preparar as titorías. Nestas reunións tamén se falará do alumnado con necesidades educativas ou que precisa algún tipo de seguimento individualizado por motivos condutuais. Reunións semanais co profesorado tiro de FP Básica para facer un seguimento pormenorizado do proceso educativo do grupo e asesorar ao profesorado naqueles aspectos que poda precisar.

Asesoramento ao profesorado sobre aspectos curriculares concretos, sobre medidas de atención á diversidade e sobre metodoloxía didáctica.

Organización dunha xornada sobre atención ao alumnado con enfermidade crónica e o programa Alerta Escolar para o profesorado do claustro que estea interesado.

3.6. Plan xeral de Atención á diversidade

O plan xeral de atención á diversidade do centro pódese consultar na páxina web do centro, na seguinte ligazón:

http://www.edu.xunta.gal/centros/iesxulianmagarinos/system/files/PXAD_2020.pdf

3.7. Plan Proxecta

Solicitouse o Plan Proxecta, en particular solicitáronse as liñas seguintes:

- Apuntámonos a non beber.
- Por 365 días de respecto e igualdade.

DOCUMENTO 4. PROXECTOS

4.1. Plan Dixital

O Plan Dixital do centro pódese consultar na web do centro, na seguinte ligazón:

http://www.edu.xunta.gal/centros/iesxulianmagarinos/system/files/PlanDixital_XM_2022.pdf

DOCUMENTO 5. PROGRAMAS

5.1. Contratos – programa

Solicitáronse os seguintes contratos-programa:

INNOVA:

EDUinnova
EDUexcelencia
EDUsaúde
EDUsostibilidade
EDUcalidade

INCLÚE:

QUÉDA-T (Prevención do abandono temperán e do absentismo)
IGUÁLA-T
CONVIVE-T
INCLÚE-T
EMOCIÓNNA-T

5.2. Auxiliar de conversa

O centro recibirá unha profesora do programa Fulbright, de auxiliar de conversa en lingua inglesa para o periodo comprendido entre setembro de 2022 e xuño de 2023.

5.3. Sección bilingüe (Xeografía e historia)

Desde fai moitos anos, o centro conta cunha sección bilingüe na asignatura de Xeografía e Historia, nos curso 3º e 4º de ESO, en inglés. Hai 25 prazas.

5.4. E-Dixgal

O centro implanta o curso 2022-23 o programa E-Dixgal en 2º de ESO. Polo tanto, neste curso, o centro o ten implantado en 1º e 2º de ESO. Chegaron en xullo 75 novos equipos e 6 carriños (3 carriños para 1º de ESO e 3 para 2º de ESO) para cargar os equipos.

5.5. Programa de distribución de froitas e leite

Solicitouse o programa de distribución de froitas e leite para os dos periodos establecidos na convocatoria. A froita vaise distribuír en 10 días en cada un dos periodos e a leite en 20 días tamén en cada un dos dous periodos.

Solicitouse 100 cc para cada alumno e día de leite xa que o curso anterior con 200 cc sobrou moito leite.

En canto á distribución de froitas, vaise repartir cada día unha froita diferente, de tempada.

A distribución de froitas e leite vai facela o alumnado de FP de Grao Básico de Servizos Comerciais, coordinados polo seu profesorado.

5.6. PROA+

Solicitouse profesorado da especialidade de Pedagogía Terapéutica, para apoio en 1º e 2º de ESO e 1º e 2º de FPB. No seu defecto, o profesorado solicitado sería, en orden de prelación, da especialidade de matemáticas e lingua e literatura galega.

5.7. Programa de acreditación de linguas estranxeiras

Permite ao alumnado presentarse ás probas de acreditación en linguas estranxeiras de inglés e francés de balde. O centro participa no programa desde o curso pasado colaborando, para esta finalidade, co Trinity College. Este curso, como novidade, permitiremos a acreditación de lingua francesa coa Alianza Francesa.

5.8. Polo creativo

Este ano vaise solicitar un polo creativo para o centro. Aproveitando a oportunidade, imos facer unha reforma integral na antiga casa do conserxe para crear un espazo diáfano e polivalente que permita aos membros da comunidade educativa en xeral, e para o polo creativo en particular, poder traballar en proxectos interdisciplinares.

5.9. Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC

Desde o Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”, como o seu nome indica,

queremos facer de ponte entre o estudiantado de Ensino Medio e a USC, para informarte e orientarte como futuro estudante universitario, para que poidas elixir os estudos que máis se adapten ás túas preferencias.

O Programa leva en funcionamento dunha forma estruturada desde o curso 2003-2004 e pretende dar a coñecer a oferta académica e o contexto investigador, social, cultural e espacial da Universidade en que se desenvolven eses estudos.

O fío condutor é a difusión do que é a Universidade de Santiago de Compostela: as súas titulacións, a investigación, os servizos académicos, pero tamén o que é a contorna en que se desenvolve a actividade universitaria: servizos de residencia, culturais, deportivos, asociativos, etc. En fin, o que é a vida nunha universidade inserida en pleno corazón de dúas cidades históricas (Lugo e Santiago de Compostela).

O Programa “A Ponte” estrutúrase en tres subprogramas clave, enmarcados dentro dunha actividade de inicio e outra de peche. Tamén se encarga da organización doutras actividades complementarias ou de apoio que permiten executar os subprogramas clave ou que colaboran a remarcar e amplificar a idea de universidade que estamos construíndo.

Os subprogramas clave son:

- VISITAS da USC a Centros de Ensino Medio de Galicia
- CHARLAS Temáticas
- ENCONTROS na Zona USC

DOCUMENTO 6. PROTOCOLOS

6.1. Protocolo por Fenda Dixital

A través desta iniciativa da Consellería, o alumnado que no impreso de matrícula declara non ter ordenador na casa conexión a internet, pode beneficiarse dunha tarxeta de datos e dun router, de balde, durante todo o curso. Ao final do mesmo, os routers e tarxetas prestados retornan ao centro.

6.2. Protocolo Educa Dixital

A través desta iniciativa da Consellería, o alumnado que no impreso de matrícula declara non ter ordenador en casa, pode beneficiarse dun equipo durante todo o curso. Ao final do

mesmo, os equipos prestados retornan ao centro.

6.3. Alerta Escolar

O alumnado, que ten determinadas doenzas, está rexistrado no protocolo de Alerta Escolar. Se o mesmo ten algunha crise, os responsables no centro chamarían ao 061 e seguirían a súas instrucións. As doenzas son as seguintes:

- Alerxias alimentarias.
- Shock anafiláctico.
- Diabetes/hipoglucemia.
- Epilepsia.
- Outras.

DOCUMENTO 7. PROXECTOS E MEDIDAS DESENVOLVIDAS NO CENTRO NON XESTIONADOS POR PROGRAMAS EDUCATIVOS

7.1. Programa de titorías compartidas

Facemos emparellamentos de alumnado de 1º de ESO con 3º de ESO, nas horas de titoría, para facilitar a incorporación e adaptación do alumnado de 1º de ESO no centro contando coa axuda dun alumno ou alumna de 3º de ESO.

7.2. Equipo de mediación

O alumnado mediador permite a resolución de conflitos entre iguais mediante o diálogo e o acordo.

7.3. Equipo de igualdade (EQUA)

Desde o ano 2018 contamos cun equipo de igualdade chamado EQUA no que están implicadas alumnas e alumnos de ESO e FP Básica. O equipo organiza durante o curso distintas actividades de sensibilización e tamén se encarga da conmemoración dos días mundiais relacionados coa igualdade de xénero e LGTBI.

7.4. Encontros de convivencia positiva

Xunto coutros centros de toda Galicia o noso IES é fundador. Cada ano celébranse nun deles, nunha fin de semana, os encontros para a convivencia positiva.

O noso alumnado participou organizando charlas sobre os nosos programas relacionados coa convivencia: Mediación, EQUA...

7.5. Club de impresión 3D

Desde fai 3 cursos o Vicedirector, que é profesor de Tecnoloxía, leva a cabo os martes pola tarde un club de programación con alumnado que ten inquietude STEM. A partir deste curso, o club vai ser de impresión 3D.

7.6. Recreos lúdicos

Desde fai moitos anos, o centro leva a cabo os recreos lúdicos. É unha iniciativa que pretende, durante dous recreos á semana, a través de xogos e outras actividades incluír ao alumnado que ten máis problema para relacionarse cos compañeiros nese tempo de lecer.

7.7. Encontros emocionais

A iniciativa chamada “encontros emocionais” xurdiu como unha proposta dunha alumna con problemas psicolóxicos. A actividade consiste en que unha tarde ao mes, unha psicóloga reúnese cun grupo pequeno de alumnado con diferentes problemas psicolóxicos, familiares, etc. Eles falan nun contexto de privacidade e seguridade xa que a premisa principal é que ninguén pode criticar a intervención dos compañeiros.

7.8. Congreso de igualdade

Aproveitando a incorporación dun novo profesor de Xeografía e Historia que ven dun centro que participaba no congreso de Igualdade, abrimos a posibilidade de participar como centro organizador no congreso de igualdade tamén.

7.9. Club de debate

Tradicionalmente, o centro tiña un club de debate que competía na liga de debate, e que gañou varias veces o certame ou quedou nas primeiras posicións. Está previsto que este curso o club sexa organizado polo departamento de lingua galega.

DOCUMENTO 8. ACTIVIDADES

8.1. Programa de actividades complementarias

As actividades complementarias, xunto coas extraescolares, adxuntaranse no capítulo III da PXA na correspondente programación de Actividades complementarias e extraescolares.

CAPÍTULO III. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

DOCUMENTO 7. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

O centro conta con 10 liñas de transporte escolar, que trasladan 65 estudantes e que son cubertas no momento actual por unha unión temporal de empresas. Todos os datos do transporte escolar foron enviadas á Xefatura Territorial. (Dispónse dunha copia na Secretaría do Centro).

DOCUMENTO 8. NOFC

As Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro pódese consultar na web do centro, na seguinte ligazón:

http://www.edu.xunta.gal/centros/iesxulianmagarinos/system/files/NOF_COVID_20_21.pdf

DOCUMENTO 9. AULA DE CONVIVENCIA

A organización da aula de convivencia inclusiva está recollida no apartados 1.2.2. e 2.4.2. das NOFC do centro:

1.2.2. GARDAS NA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

O funcionamento da aula de convivencia inclusiva especificarase anualmente dentro do Plan de Convivencia do Centro.

Como se recolle no artigo 25 do Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro (DOG 27 de xaneiro), esta aula ten como única función “s substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d) deste decret o” De forma xeral, esta aula estará atendida polo profesorado de garda, que poderá rotar semanalmente para a súa atención. Este profesorado será o encargado de supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado de forma coordinada co departamento de orientación.

Cando non haxa profesorado de garda suficiente e nos períodos de lecer nos que a aula de convivencia se utilice para outros fins, o alumnado deberá permanecer na antesala da Xefatura **de Estudos baixo a atención dos membros do equipo directivo.**

2.4.2. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

As normas de funcionamento da aula de convivencia inclusiva do noso IES establécense de conformidade co establecido nos artigos 8 e 25 do decreto 8/2015 de 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, e atendendo ao recomendado nas orientacións para a elaboración do plan de convivencia publicadas en educonvives.gal.

A aula de convivencia inclusiva ten a vocación de substituír o tempo de expulsión do alumnado privado temporalmente do seu dereito de asistencia ao centro como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a súa reincorporación á aula no menor tempo posible e propiciando un proceso de reflexión que facilite a interiorización das normas de convivencia.

2.4.2.a. Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolven nesta.

A aula de convivencia inclusiva é unha medida educativa para favorecer a convivencia escolar, e polo tanto a súa función principal debe ser a interiorización por parte da alumna ou alumno das normas que todos os membros da comunidade educativa debemos cumprir.

A decisión de que un alumno ou alumna sexa atendido educativamente na aula de convivencia corresponde á xefatura de estudos se, unha vez recibido o parte de incidencias por parte do profesor ou profesora, considera que esta é a medida máis axeitada e reeducadora das posibles. Dita decisión tomarase tendo en conta a natureza, gravidade e existencia ou non de reiteración da conduta do alumno ou alumna, e garantindo, en todos os casos, o trámite de audiencia ás nais, os pais ou titoras/es legais se é un menor non emancipado, e ao propio alumno ou alumna en caso de persoas maiores de idade ou menores emancipados. Para dita decisión a xefatura de estudos poderá contar co asesoramento do departamento de orientación.

2.4.2.b. Profesorado que atende educativamente a aula de convivencia inclusiva dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro.

A aula de convivencia será atendida educativamente polo profesorado de garda. Contarase coa colaboración do departamento de orientación se a criterio da xefatura de estudos é necesario dada a natureza da conduta da alumna ou alumno ou pola reiteración desta. En todo caso, corresponde ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

2.4.2.c. Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

Actuación 1. Elaborar e manter actualizado un programa de habilidades sociais específico para o alumnado atendido na aula de convivencia, que será levado a cabo baixo a supervisión do profesorado responsable da mesma. Dito programa se recollerá como anexo no Plan de Convivencia do centro e consistirá en fichas de traballo individual relacionadas coas habilidades sociais básicas e que máis frecuentemente levan ao alumnado a ser corrixido educativamente coa privación do dereito de asistencia ao centro (falta de empatía, de

autocontrol, asertividade, etc.) **desenvolver na aula de convivencia inclusiva (tarefas escolares encomendadas polo profesorado, traballo sobre habilidades sociais, actividades en beneficio da comunidade educativa, etc.)**

Actuación 3 . Facer un seguimento posterior á reincorporación da alumna ou alumno á súa aula, en coordinación coa Xefatura de Estudos e coa periodicidade que se determine en cada caso concreto, co fin de avaliar non só o cambio de actitude da alumna ou alumno, senón tamén o propio funcionamento da aula de convivencia inclusiva e o axuste do programa de habilidades sociais ás necesidades do alumnado.

2.4.2.d. Horario, localización, instalacións e materiais didácticos cos que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

A aula de convivencia inclusiva está situada no corredor da sala de profesorado do centro e a biblioteca, permitindo deste xeito ter acceso a todos os materiais bibliográficos da mesma. No caso de que a natureza do traballo que ten que desenvolver a alumna ou o alumno así o esixa poderase contar con calquera outro equipamento, incluído o informático. Permanece aberta durante todo o horario lectivo do centro.

DOCUMENTO 10. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A Programación de actividades complementarias e extraescolares do centro pódese consultar na web do centro, na seguinte ligazón:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesxulianmagarinos/system/files/PROGRAMACION%20ANUAL%20AACCEE%2022-23-2-2.pdf>

DOCUMENTO 11. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

As actividades asociadas ao Plan de Formación Permanente do Profesorado, aprobado polo CAFI, son as seguintes:

1.- Proxecto Educativo do Centro (PEC) no IES Xulián Magariños: É un grupo de traballo, coordinado pola dirección do centro, que ten como finalidade rematar de elaborar o PEC do centro, en particular, o Plan de Xestión e a Concreción Curricular.

2.- Plan Dixital no IES Xulián Magariños: É un seminario, coordinado por Vicedirección, que ten como finalidade desenvolver e implantar o Plan Dixital elaborado o curso anterior (21-22).

3.- Aprendizaxe e servizos no IES Xulián Magariños: É un grupo de traballo que, coordinado polo departamento de Orientación, ten como finalidade coñecer como facer servizos na comunidade por parte de alumnado de FP de Grao Básico.

4.- E-Dixgal no IES Xulián Magariños: É un seminario formado polo profesorado que se incorpora ao programa E-Dixgal. Está coordinado pola coordinadora de E-Dixgal.

5.- Polo Creativo no IES Xulián Magariños: É un seminario que ten como finalidade promover iniciativas a desenvolver no Polo Creativo que vaise solicitar para o centro. Está coordinado tamén por Vicedirección.